

Enseguida, moito antes do que esperaba, tocoume a min. Atopábame alí, con miles doutros coma min, lanzado naquel bulebule gris, viscoso e quente, totalmente aparvado pola forza daquela corrente que nos lanzaba fóra.

Levoume un intre dar-me conta de que alí me estaba xogando o ser ou non ser un ser nesa outra vida da que todos falan, pero da que ninguén volveu.

E como saber si quería ser ou non ser? Se vou ser un ser esperado, querido e desexado entón quero ser. Pero se vou ser un ser que non queren que sexa, entón, non sei se quero ser.

Mentres divago, vexo que todos os que comigo chegaron no bulebule viscoso aceléranse nunha dirección e penso: debe de ser por alí! E así, sen pensalo demasiado, véxome empuxado a correr cara a ese inmenso óvulo como corren os executivos á caza dun taxi ao baixar do avión no aeroporto de Madrid.

Firmado:

Un, que chegou a onde non sabían si querían ou non querían que fose, pero que foi!

Xulio Fernández Hermida
Profesor Enxeñaría de Telecomunicacións

DO GALEGO